


BOLETIN OFICIAL

BOLETIN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

BOLETIN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

BOLETIN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA

III LEXISLATURA

1990

Ano IX

N.º 3

25 de xaneiro de 1990

VI. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

e. COMPOSICIÓN DOS ÓRGANOS DA CÁMARA

-Relación de Portavoces titulares e suplentes dos Grupos Parlamentarios. 15

-Relación de Deputados que compoñen os Grupos Parlamentarios. 16

f. CONVOCATORIAS

SESIÓN PLENARIA

-Día 26 de xaneiro de 1990, ás 12 horas. 19

h. ACORDOS E RESOLUCIÓN

-Número de membros que compoñen as Comisión permanentes lexislativas. 20

-Número de membros que compoñen as Comisións permanentes non lexislativas. 21

-Número de membros que compoñen a Deputación Permanente. 21

-Constitución das Comisións. 21

-Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia de propoñerlle á Cámara como candidato á Presidencia da Xunta de Galicia, ó Deputado D. Manuel Fraga Iribarne. 22

VI. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO**e. COMPOSICIÓN DOS ÓRGANOS DA CÁMARA****PRESIDENCIA**

A Mesa do Parlamento de Galicia en reunión celebrada o día 24 de xaneiro de 1990, tivo coñecemento dos escritos formulados por diversos parlamentarios o abeiro do artigo 23 do Regulamento, para a constitución dos Grupos Parlamentarios e designación de Portavoces titulares e suplentes (docs. núms. 182, 187, 188 e 189).

Xa que logo verifícase a constitución de catro grupos parlamentarios:

Popular de Galicia	(P)	38 Deputados
dos Socialistas de Galicia	(S)	28 Deputados
do Bloque Nacionalista Galego	(BNG)	5 Deputados
Mixto	(Mx)	4 Deputados

En cumprimento do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento, ordénase a publicación das relacións de membros componentes dos Grupos Parlamentarios e de Portavoces titulares e suplentes a que se refiren os artigos 55 e 45 do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 1990.

O PRESIDENTE
Victorino Núñez Rodríguez

RELACIÓN DE PORTAVOCES DOS GRUPOS PARLAMENTARIOS

Vistos os escritos núms. 182, do G.P. Popular de Galicia, 187, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, 188, do G.P. Mixto e 189, do G.P. dos Socialistas de Galicia, verifícase que os Portavoces dos mesmos son os seguintes:

—GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA:

Portavoz titular: D. Víctor Manuel Vázquez Portomeñe

Portavoces suplentes: D. Fernando González Suárez

D. Gerardo Conde Roa

D. José Lage Lage

D. Pablo Egerique Martínez

—GRUPO PARLAMENTARIOS DOS SOCIALISTAS DE GALICIA:

Portavoces: D. Fernando González Laxe

D. Antolín Sánchez Presedo

—GRUPO PARLAMENTARIO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO:

Portavoz titular: D. Xosé Manuel Beiras Torrado

Portavoces suplentes: D. Bautista Álvarez Domínguez

D. Francisco Trigo Durán

—GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO:

Portavoces: D. Camilo Nogueira Román

D. Cándido Sánchez Castiñeiras

Turnaránse na función por esta orde e mensualmente a partir do 1º de febreiro como Portavoces titular e suplente.

RELACIÓN DE DEPUTADOS POR ORDE ALFABÉTICA**G.P. POPULAR DE GALICIA (P)**

Alonso Riego, José Luis

Barata Quintas, Daniel

Castro García, Roberto

Conde Roa, Gerardo Jesús

Cuiña Crespo, José

Chapela Seijo, José Manuel

Diz Guedes, Juan Miguel

Durán Casais, Segundo Manuel

Egerique Martínez, Pablo

Fernández García, Juan José

Fraga Iribarne, Manuel

Franco Cerdeira, José Antonio Cesáreo

García Leira, José María

García Pardo, José

Garrido Torrado, Juan Antonio

González Suárez, Fernando

Hernández Cochón, José M^a

Iribarren Fernández Rogina, Tomás

Lage Lage, José

López Besteiro, Manuela

López Noceda, José María

Madarro González, M^a Elisa

Martínez Garrido, Manuel

Miras Portugal, Aurelio Domingo

Núñez Rodríguez, Victorino

Palmou Lourenzo, Jesús Carlos

Pedrosa Glez. de Castejón, Pilar

Pena Souto, José Serafín

Pensado Barbeira, Fernando Alfredo

Pérez Álvarez, Manuel

Pérez Vidal, Tomás

Pin Fernández, Nazario

Rodríguez Pérez, Fernando Carlos

Torres Colomer, José Luis Ramón

Varela Coello, Guadalupe

Varela Rey, Manuel

Vázquez Portomeñe, Víctor Manuel

Vila Pérez, José Manuel

G.P. DOS SOCIALISTAS DE GALICIA (S)

Álvarez Yáñez, María Antonia

Baños Márquez, José Carlos

Barros Puente, Miguel

Blanco Gómez, Ramón Félix

Borreiros Fernández, Bonifacio

Carro Fernández-Valmayor, Antonio

Conde Cid, Alfredo Luis

Cortizo Nieto, Miguel Ángel

Díaz Díaz, Manuel Ceferino

Fidalgo Areda, Miguel

Gato Soengas, Antonio Edelmiro

Giráldez Maneiro, José

González Laxe, Fernando Ignacio

González Príncipe, Carlos Alberto

Mariño Campos, Pedro Manuel

Martínez Losada, Miguel José

Miguélez Ramos, Rosa María

Nogueira Fernández, José Federico

Porteiro García, María Josefa

Rego González, Ismael

Rodríguez Fernández, Francisco

Rodríguez Otero, María Margarita

Rodríguez Pardo, José Luis

Salgado García, Juan Fernando

Sánchez Presedo, Antolín

Sineiro García, Francisco

Taboada Rivadulla, Roberto

Ventoso Mariño, José Antonio

G.P. DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)

Álvarez Domínguez, Bautista Goyel

Beiras Torrado, Xosé Manuel

García Negro, Pilar

Rodríguez Feijoo, Alberto Xullo

Trigo Durán, Francisco

G.P. MIXTO (MX)

López Facal, Xoan Xosé Brais	(PSG-EG)
------------------------------	----------

Nogueira Román, Camilo	(PSG-EG)
------------------------	----------

Oujo Bello, Santos	(CG)
--------------------	------

Sánchez Castiñeiras, Cándido Santiago	(CG)
---------------------------------------	------

f. CONVOCATORIAS

PRESIDENCIA

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convoca-lo pleno da Cámara para celebrar sesión o próximo venres día 26 de xaneiro de 1990, ás doce horas, no Pazo do Parlamento.

De acordo coa Mesa-Xunta de Portavoces, en reunión celebrada o día 24 de xaneiro de 1990, a orde do día da sesión é a seguinte:

1º.— Declaración institucional de apertura da III Lexislatura.

2º.— Dación en conta dos asuntos tratados e das decisións adoptadas pola Deputación Permanente desde a extinción da II Lexislatura (artigo 59).

3º.— Habilitación do mes de xaneiro de 1990 para celebra-la sesión de investidura.

O que se publica para xeral coñecemento e en cumprimento do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento do Parlamento de Galicia, do 1 de xuño de 1982, modificado o 14 de xullo de 1983 (B.O.P.G. nº 150, do 1 de setembro).

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 1990.

O PRESIDENTE
Victorino Núñez Rodríguez

h. ACORDOS E RESOLUCIÓNS

PRESIDENCIA

A Mesa do Parlamento de Galicia, oída a Xunta de Portavoces, en reunión celebrada o día 24 de xaneiro de 1990, a tenor do disposto no artigo 40,1 do Regulamento da Cámara, Acordou:

1º Que o número de membros componentes das Comisións Permanentes Lexislativas relacionadas no apartado 1 do artigo 45, sexa de dezasete membros, que serán designados polos Grupos Parlamentarios coa seguinte proporcionalidade:

- G.P. Popular de Galicia.....nove membros
- G.P. dos Socialistas de Galicia seis membros
- G.P. Bloque Nacionalista Galego un membro
- G.P. Mixto..... un membro.

2º As Comisións Permanentes non Lexislativas relacionadas no apartado 2 do artigo 45 do Regulamento quedarán integradas do seguinte xeito:

—A Comisión de Regulamento quedará integrada polo Presidente do Parlamento, demais membros da Mesa e dezasete Deputados, con idéntica distribución entre os Grupos que no caso das Comisións Lexislativas.

—A Comisión do Estatuto de Deputados, de coformidade co disposto no artigo 47, estará composta por un Deputado representante de cada Grupo Parlamentario.

—A Comisión de Peticións, de conformidade co artigo 48 do Regulamento, estará integrada pola Mesa do Parlamento mais un Deputado de cada Grupo Parlamentario.

3º A Deputación Permanente queda integrada polo Presidente do Parlamento e dezasete membros coa mesma proporcionalidade entre Grupos especificada no apartado primeiro.

4º A constitución das Comisións iníciarase o próximo venres, día 26 de xaneiro de 1990, ás dezaseis horas no Pazo do Parlamento, salas de Comisións «A» e «D» (planta 2ª), pola seguinte orde:

Dezaseis horas.....	Regulamento (sala D)
Dezaseis horas e dez minutos	Peticións (sala D)
Dezaseis horas e vinte minutos	Estatuto de Deputados (sala D)
Dezaseis horas e trinta minutos.....	Comisión primeira (sala A)
Dezasete horas	Comisión segunda (sala D)
Dezasete horas e trinta minutos	Comisión terceira (sala A)
Dezaoito horas	Comisión cuarta (sala D)
Dezaoito horas trinta minutos	Comisión quinta (sala A)
Dezanove horas	Comisión sexta (sala D)
Dezanove horas trinta minutos.....	Comisión sétima (sala A)
Vinte horas	Comisión oitava (sala D)
Vinte horas trinta minutos.....	Deputación Permanente (sala A)

5º Os Grupos Parlamentarios presentarán a relación de Deputados que se adscriban a cada Comisión e á Deputación Permanente antes das catorce trinta horas (14,30) do día vintecinco de xaneiro de 1990, no Rexistro Xeral do Parlamento.

Así mesmo, os Grupos deberán comunicar ós seus Deputados a súa adscripción ás comisións e a data e hora de constitución das mesmas, debendo significarlles que deberán estar presentes de maneira persoal para a constitución das comisións e elección das correspondentes mesas.

O que se publica para xeral coñecemento e ós efectos da convocatoria das citadas comisións.

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 1990.

O PRESIDENTE
Victorino Núñez Rodríguez

RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DO PARLAMENTO DE GALICIA RELATIVA Á PROPOSTA DE CANDIDATO Á PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

O Estatuto de Autonomía de Galicia, no apartado 2º do artigo 15, obriga ó Presidente do Parlamento a establecer consultas coas forzas políticas representadas na Cámara co obxecto de formular proposta de candidato á Presidencia da Xunta de Galicia.

En aplicación do referido precepto e dos artigos 16 da Lei nº 1/83, do 22 de febreiro, Reguladora da Xunta e do seu Presidente, e 136 do apartado 1 do Regulamento da Cámara, logo de consultadas as forzas políticas con representación parlamentaria e oída a Mesa.

A PRESIDENCIA PROPONLLE Á CÁMARA COMO CANDIDATO
Á PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA Ó DEPUTADO

D. Manuel Fraga Iribarne

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 1990.

O PRESIDENTE
Victorino Núñez Rodríguez